

Haruna Takebe

Haruna Takebe é natural dunha "pequena illa do Xapón, parecida á da Toxa," co a que se sente moi identificada pero leva afincada en Galicia definitivamente dende fai varios anos. Deixou a voráxine de Hiroshima, onde daba clases na Elizabeth University, po la



tranquilidade de Compostela e de Santa Comba onde, dende fai un ano, decidiu compartir a súa vida co compositor, pianista e exdirector do Conservatorio Profesional de Música, David Durán, natural da capital do Xallas.

Haruna Takebe mostrou xa dende moi pequena unna clara inclinación cara ás artes. Aos cinco anos comezou a tocar o piano e bailar danza tradicional xaponesa. "Mi madre pensó que tendría futuro en esto", di, engadindo que en Xapón "el 80% de los niños aprenden a tocar un instrumento desde pequeños y el piano se ha convertido en una moda doméstica".

Sobre este particular, recalca que, quizá debido a esto, Xapón conta con moitas salas para concertos, a diferenza de Galicia. "El carácter japonés es muy disciplinado y competitivo. En Europa, hay más libertad. Los niños estudian música porque quieren, en Japón es por imposición".

Tras un período de rechazo de dous anos, a fortuna quixo que tocase novamente o piano aos 15 anos acompañando a un coro. "Mi vida cambió entonces y redescubrí el piano. Había mucho trabajo que hacer porque el piano requiere mucha dedicación y mucho contacto diario". Esto a obrigaría a deixar a danza.

A súa pasión pola música e polo piano levouna a graduarse en interpretación pianística pola Toho Gakuen de Tokio cos profesores Megumi Kaneko e Keiko Takeuchi e a ampliar os seus estudos en Europa. En 1999 trasládase a Europa para ampliar a súa formación: primeiro en Alemaña, onde se gradúa na Universidade das Artes



de Berlín onde estuda coa pianista Elena Lapitskaja, en Fancia no L'École Nationale de Musique de Pantin e logo en Holanda para obter o *Master's degree* de solista, música de cámara así como de acompañante de lied baixo a dirección do profesor Willem Brons no Conservatorium van Amsterdam. A súa actividade profesional como concertista inclúe a interpretación habitual de concertos para piano e orquestra (coa Symfonie Orchester Berlin na Berlin-Philharmonie ou a Takamatsu Symphony Orchestra) así como colaboracións con membros da Orquestra Filharmónica Checa. En novembro de

2004 grava un disco para o selo STH Quality Classics con música de Scarlatti, Schubert, Liszt e Debussy.

Tamén é ahí, en Holanda, onde coñece ao que é agora o seu marido. De volta a Xapón da clases na Elizabeth University de Hiroshima.

Dende 2007 combina a interpretación coa docencia incorporándose como catedrática de Piano na Elisabeth University of Music de Hiroshima onde permanece ata o 2009, cando decide trasladarse a España.

Esta xoven, considérase unha enamorada de Schubert e Debussy, pero gustaríalle tamén traballar pezas de compositores xaponeses contemporáneos. Pese a estar afincada en Galicia, Haruna continúa ofrecendo concertos no seu país natal. Quizá sea o seu carácter aberto e a súa convivencia con distintas culturas tan diferentes á de ela a que a levaron a non sentirse extraa en terras galegas. "La gente aquí es muy simpática y muy hospitalaria. Nunca me he sentido extraña". A súa vida ideal: "Vivir mitad en Japón, mitad en Santiago", di, cun sorriso pícaro. E para sentirse un pouco máis galega, Haruna Takebe decidiu iniciarse no idioma de Castelao.

